

Contidos para a composición de texto histórico nº 3

3.- A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá explicar o reinado deste monarca como a crise permanente e definitiva do Antigo Réxime, un modelo que xa resulta inviable fronte a un liberalismo que vai sufrir avances e retrocesos ata a morte do rei. En consonancia con isto, referirase ás etapas políticas do seu reinado e comentará as súas principais características: o Sexenio Absolutista (regreso de Fernando VII e restablecemento do absolutismo, abolindo a obra das Cortes de Cádiz); o Trienio Liberal (triunfo do pronunciamento liberal de 1820 e establecemento dun goberno desta ideoloxía); e a Década Ominosa (restablecemento do absolutismo logo da intervención dos “Cen Mil Fillos de San Luís”).

Información:

Libro de texto:Tema 5, apartados 6 e 7

Caderno de Galicia: Tema 3, apartado 1.2